



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 26 DE XUÑO DE 2019

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:38 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta, xustificando a súa ausencia as que figuran de seguido: Luis Calvo Rolle, Gabriela Alexandra Oanta Oanta, José María Losada López, Carmela Carrillo García, Moisés Canle, Martín Rey Furelos, María Bañón Goiriz e M^a Fernanda Miguélez Pose

1. Informe do Reitor

O reitor

Toma a palabra o reitor para informar de que o 18 de xuño realizouse en Ferrol a entrega oficial da residencia de Batallóns. É o primeiro paso para a ampliación do Campus de Esteiro. Este novo edificio en bo estado de conservación a pesar do tempo que leva desocupado e estará dedicado á ubicación de despachos de profesores e como apoio á Biblioteca do Patín.

A seguir, dá a palabra ao resto dos integrantes do equipo de goberno.

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia informa dos seguintes asuntos:

Reunión da CRUE sobre relación bilateral Cuba-España. Os días 17 e 18 de Xuño tivo lugar na Universidade de Cantabria (Santander) unha xuntanza bilateral entre representantes da CRUE e reitores de universidades cubanas. Ademais de asinar convenios coas universidades das Tunas e de Holguín, propuxese un convenio de colaboración coa Universidade de Las Villas de Santa Clara sobre aplicación das TIC en sostenibilidade. Neste caso sería un convenio proposto polo CITIC que lle foi presentado a reitora desta universidade e a viceministra de Educación Superior de Cuba. Entre os acordos desta xuntanza está a creación dunha Escola de Postgrado Cuba-España. Nun principio os temas que se abordarán nesta escola están os de sostenibilidade, ecoloxía e territorio. Enviárase proximamente dende a CRUE unha convocatoria para aquelas universidades que queiran participar nesta primeira convocatoria.

Xornada sobre captación e retención de TALENTO por parte do Consello Social. *Retornando talento emigrado.* O pasado 13 de Xuño tivo lugar esta xornada co obxectivo de por en valor o impulso de iniciativas que da Universidad no retorno de talento emigrado. Participaron como relatores o director do Centro de Regulación Genómica (CRG), **Luis Serrano** coa experiencia de **SOMMa**, centros de excelencia Severo Ochoa e María de Maeztu, o director xeral de Ikerbasque, Íñigo Atxutegui Basagoiti, o director dos ICREA, Antonio Huerta Cerezuela e este vicerreitor que falou da experiencia da UDC co programa InTalent.

Xornada sobre “OPORTUNIDADES PARA CIENCIA EXCELENTE EN H2020”

O pasado 14 de Xuño a OTRI organizou unha xornada informativa sobre as convocatorias do Consello Europeo de Investigación, a convocatoria de Future & Emerging Technologies (FET) e

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==		





as posibilidades de consolidación ofrecidas polo programa Oportunus da Xunta de Galicia. A xornada contou coa presenza do Punto Nacional de Contacto para as convocatorias FET (Nicolás Ojeda Belmar), co investigador da UDC beneficiario dunha axuda do ERC (Carlos Gómez Rodríguez) e coa representante da GAIN (María José Mariño Fontenla).

Visita de empresarios ao CITEEC organizada pola nosa OTRI: O pasado venres 22 tivemos unha visita institucional de representantes de empresarios da Area Metropolitana da Coruña, concretamente: Pocomaco, Polígono de Bergondo, Polígono Industrial de Sabón, AECO e AJE, ademais de distintos directivos de empresas da construción da comarca. Ademais dunha visita guiada aos laboratorios deste centro tamén se presentou a nova Agrupación estratéxica do CITEEC.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos seguintes asuntos:

- 07/06/2019. Recibiuse por parte da ANECA o resultado da avaliación da actividade investigadora (sexenios). Queda pendente de resolución os sexenios correspondentes ao campo de Transferencia, o prazo de resolución foi suspendido por tres meses por resolución de la Secretaria de Estado de Universidades, Investigación, desenvolvemento e Innovación.
- 12/06/2019. Publicouse na Sede Electrónica da UDC a Convocatoria para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudantes Doutores/as no curso académico 2019/2020 co fin de consolidar o emprego temporal. Prazo de presentación de solicitudes ata o 04/07/2019
- 12/06/2019. Publicouse na Sede Electrónica da UDC a Convocatoria para a selección de áreas de coñecemento para a promoción mediante concurso do profesorado acreditado a Titular de Universidade a profesores/as Contratados/as Doutores/as no curso académico 2018/19. Prazo de presentación de solicitudes ata o 04/07/2019
- 21/06/2019. A COAP acordou remitir ao Consello Social a asignación proposta pola ACSUG do Complemento á excelencia curricular docente e investigadora da convocatoria do ano 2017 a un profesor que presentara un recurso contra a súa valoración inicial.

A **vice-reitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

Informo que na Comisión de Extensión Universitaria do 7 de xuño, autorizáronse os seguintes cursos:

- Curso de Actualización Profesional en Tratamento do Síndrome da dor miofascial do pé mediante punción seca - Daniel López López
- Primeiros Pasos á Robótica e á Electrónica - José Luis Calvo Rolle.

Informo da publicación da Convocatoria de prazas para o estudiantado nas residencias públicas universitarias da Coruña e de Ferrol. Tamén se publicou a Resolución da I Edición dos premios Isabel Zendalde promoción do pensamento crítico en educación secundaria e bacharelato, que se entregarán este venres na Facultade de Ciencias. Publicouse a resolución definitiva da Convocatoria de bolsas do plan propio da Universidade da Coruña- bolsas comedor e a Convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da Universidade da Coruña, a Convocatoria da Universidade da Coruña para bolsas de colaboración para formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	01/08/2019 10:46:08	
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/07/2019 10:11:20	
Observacións		Páxina	2/9	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==			

proprios e a publicación de distribución de bolsas de colaboración en departamentos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Hoxe, un ano máis o Coro da Universidade da Coruña, dirixido por **Rupert Twine**, despedirá o curso académico con un concerto no Campus de Ferrol.

O martes 18 de de xuño inaugurouse a exposición "O teu, o meu ..." de Xacobe Meléndrez Fassbender en NORMAL. O mércores 19 de xuño, comezou a II Residencia de creadores emerxentes "Interaccións Artísticas en Galicia" co tópico ARTE, NATUREZA E PAISAXE no Pazo de Mariñán. Esta residencia artística é froito do convenio entre a Real Academia Galega de Belas Artes, os Conservatorios Superiores de Música da Coruña e Vigo e as tres Universidades galegas (A Coruña, Santiago e Vigo) coa colaboración da Deputación da Coruña. Cabe destacar as xornadas educativo-culturais para a rapazada de entre 4 e 12 anos no mes de xullo.

Dentro do Convenio con Basquet Coruña e a UDC, no Campus Milenium ofértanse prazas gratuítas para os fillos/as de membros da comunidade universitaria. Esta semana comezaron os campamentos multideportivos para rapaces e rapazas de entre os 6 e os 12 anos. O 1 de xullo comezarán as actividades de verán Náutica + Inglés na Aula Náutica da UDC, destinadas a rapaces e rapazas maiores de 9 anos.

Con respecto ao Servizo de Publicacións indicar que o número de consultas de DOI da UDC durante o mes de maio de 2019 incrementou, superando o triple de hai un ano, de 2.958 a 10.282.

A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

Onte tivemos unha reunión na Secretaría Xeral de Universidades, onde tratamos algunhas cuestións que quedaran pendentes sobre a oferta de titulacións. O máis destacado para a nosa universidade é que xa temos o acordo e a autorización da SXU para levar a verificación o vindeiro curso o grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía. Trátase dunha oferta formativa moi importante tanto para a UDC como para a SUG. Canto ao grao de Estudos Globais, que como saben é o que se propuxo no canto de Humanidades, a SXU nos pediu que traballásemos para poder elaborar un grao interuniversitario sobre esta temática. Ao se plantexar como grao interuniversitario e pensar en posibles especializacións nos campus, o lóxico sería ir a un grao de 4 anos, polo tanto, propónsenos que sexa Relacións Internacionais, pois a UVigo mostrou interese en implantar Estudos Internacionais. Empezaremos canto antes a tratar sobre esta posible alianza e a conveniencia para a UDC de chegarmos a algún tipo de acordo. Non obstante, se as outras universidades finalmente non quixesen colaborar, nós seguiríamos adiante coa opción de Estudos Globais, que é o título que xa temos sobre a mesa. E así quedaría pechada con éxito para a UDC esta ambiciosa fase de transformación do mapa de titulacións, coa creación de 5 novos títulos de grao, 7 novos mestrados e con importantes modificacións nalgunhas titulacións, como é o caso da modalidade dual en enxeñaría eléctrica. Tamén nesta mesma reunión se nos pediu que os centros publiquen os recoñementos entre as titulacións duplicadas ou multiplicadas no sistema, que estiveron a traballar durante este curso.

O pasado día 11 de xuño celebrouse a I Xornada de Aprendizaxe Servizo na UDC. Inaugurouse coa conferencia Criterios de Calidade en Proxectos de Aprendizaxe Servizo, a cargo de Pilar Aramburuzabala, que é unha das expertas máis recoñecidas a nivel nacional e internacional nesta metodoloxía. Esta xornada resultou moi ben valorada polos asistentes, así que a nosa

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==		





idea é poder repetila e seguir animando e apoiando ao profesorado da nosa universidade que decide apostar polo emprego desta metodoloxía.

O día 19 de xuño tivo lugar en Madrid a entrega dos selos internacionais de calidade EUR-ACE, no Instituto de Enxeñaría de España. A entrega dos selos fíxose no marco dunha xornada que contou coa participación do secretario Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, José Manuel Pingarrón; o director da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), José Arnáez; e o presidente do Instituto de Ingeniería de España, Carlos del Álamo. Unha vez máis queremos parabenizar á Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos polo seu excelente traballo, que tivo un digno recoñecemento na obtención destes selos para os seus dous títulos de grao.

O día 7 de xuño tivo lugar o acto de clausura e entrega de diplomas aos graduados e graduadas da Universidade Sénior. Neste acto tamén recibiron os seus diplomas de asistencia os alumnos e alumnas participantes no programa de Democratización do Coñecemento nas Pontes de García Rodríguez. Aproveitouse esta cerimonia para anunciar a posta de marcha dun curso de especialización para os posgraduados e posgraduadas: Programa de Formación Específica "Novos Retos en Sustentabilidade". O noso obxectivo foi dar resposta á demanda dos nosos alumnos e alumnas que, unha vez finalizados os seus estudos de Graduado Sénior, procuraban continuar a súa formación dun xeito máis estruturado na Universidade Sénior. Agora xa podemos informar que tivo unha gran demanda, pois se cubriron todas as prazas ofertadas (120) e temos unha listaxe de agarda.

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade informa dos seguintes acordos

- a) Fondo RAM.** O pasado 15 de xuño enviamos a segunda certificación por un valor de 315.214,20€. Isto supón un nivel de execución do 59,45% (634.395,72€ sobre un total de 1.067.162,81€). O venres 21 de xuño foi contabilizada polo que debería procederse ao seu pagamento no mes de xullo.
- b) Valoración de bens inmobles.** Como xa se comentou vaise acometer a derradeira fase da valoración dos bens inmobile que incluen o edificio da Reitoría ubicado na Maestranza, a Residencia Universitaria e edificio de Serantes. Adicionalmente, o Servizo de Patrimonio está a revisar os informes que enviaron dos edificios de Elviña e A Zapateira.
- c) Incremento retributivo.** No próximo mes de xullo vaise a pagar o incremento retributivo do 0,25% xa que o Consello de ministros aprobou unha taxa de crecemento do 2,7%, superior ao umbral do 2,5% fixado o ano 2018.
- d) Comisión de integración do CISUG.** Estase realizando un proceso de creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario Galego (CISUG). Nela estarían CIXUG, CIUG e BUGALICIA. O pasado venres

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==		





avanzouse coa creación da comisión de integración a cal propón que se comece coa primeira fase de integración de BUGALICIA.

- e) Enviáronse os créditos matriculados do curso 2017-18 os cales van a ser examinados por unha auditora e solicitáronnos tamén os complementos retributivos e sexenios de investigación do curso 2018-19. Estes datos necesítanse para calcular o montante das partidas do Fondo estrutural e Compensación de matriculas e complementos retributivos para o ano 2020.

Aprobouse que se lle autorice aos investigadores que teñan algun proxecto de investigación europeo con aportación do Ministerio a que poidan utilizar os créditos de anualidades seguintes coa finalidade de que poida executar correctamente o crédito imputado. Isto é posible xa que actualmente permítese que o gasto non se realicen nesas anualidades, senón que se pode distribuír como que se queira ao longo de todo o prazo de execución do proxecto.

Validacións e imputacións

Imputacións para informar na CAE 25.06.2019		
Resolución de imputación	data	importe
Núm 14-2019	31.05.19	171.843,64 €
	total imputado:	171.843,64 €
Validacións CAE 25.06.2019		
Resolución núm. 5-2019	148 solicitudes	207.947,89 €

Informase á Comisión de Asuntos Económicos da contabilización de 42 expedientes.

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

- Na reunión da CRUE do día 6 de xuño e a proposta do Grupo de Traballo de Universidades Saudables foi aprobada a “Declaración das universidades como centros promotores de saúde” neste documento instase a que as Universidades inclúan nos seus plans estratéxicos un enfoque de saúde nas súas políticas, mencionando explicitamente o compromiso co proxecto de Universidades

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cj1htD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cj1htD3hrjw==		





Saudables para poder seguir avanzando no seu desenvolvemento e consolidación.

- O día 6 de xuño inaugurouse en Ferrol a mostra “Mulleres detrás dos videoxogos”. Esta exposición estivo organizada polas profesoras da Facultade de Ciencias da Comunicación Luz Castro, Rocío Mihura e Teresa Piñeira que contaron coa colaboración dun grupo de alumnas do grao en Comunicación audiovisual e de bolseiras do Centro de Estudos de Xénero. Con este proxecto trátase de por en valor o papel das mulleres nesta industria no que solo representan o 17 % das persoas que traballan no sector.
- O venres 14 de xuño celebrouse na Facultade de Ciencias da Educación a sexta edición da Xornada Universitaria Galega en Xénero, un traballo conxunto das oficinas de igualdade das universidades de Santiago, Vigo e A Coruña que serve como punto de encontro e reflexión para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero. Nesta edición, baixo o lema **(Re)construíndo o coñecemento**, a xornada centrouse na necesidade das investigacións feministas e de xénero, así como na práctica docente como medio idóneo para a transmisión de valores igualitarios.
- Dentro das Xornadas de portas abertas da UDC, o luns día 17 na Facultade de Humanidades e Documentación presentouse oficialmente o Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación. Na presentación ademais do coordinador da titulación o profesor Miguel Rodríguez Luaces, interviñeron Antonio Prado, xefe de Documentación de NEWTRAL e Nieves R. Brisaboa, catedrática de Linguaxes e Sistemas Informáticos da UDC, que contou a súa extensa experiencia no campo das Humanidades Dixitais. Tamén a EPS participou por segunda vez nesta iniciativa cunha xornada orientada a estudantes que estean interesados en cursar unha titulación no ámbito da enxeñería.
- O día 21 de xuño tivo lugar en Santiago a sesión constitutiva do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Xexual e Identidade de Xénero. O dito observatorio do que formamos parte as universidades galegas é un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero..
- O vindeiro luns terá lugar o acto de graduación do estudantado da III promoción do Programa Espazo Compartido, título propio da Universidade da Coruña destinado á formación socio laboral de persoas con discapacidade cognitiva. Neste acto, que estará presidido polo reitor, agárdase a participación do Presidente do Consello Social e de representantes das entidades que financian o programa. O Director xeral da Fundación Once e a Directora territorial do Banco de Santander.

Previamente a este acto o reitor e o director xeral da ONCE asinarán un convenio de colaboración entre ambas entidades.

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cj1htD3hrjw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08	
Observacións		Asinado	31/07/2019 10:11:20	
Url De Verificación	Páxina		6/9	
	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cj1htD3hrjw==			



O **xerente** informou do seguinte:

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 20 DE XUÑO DE 2019 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 30/01/2019 QUE REGULA A XORNADA, O HORARIO DE TRABALLO, AS VACACIÓNS E A CONCESIÓN DE PERMISOS E LICENZAS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mediante a Resolución da Xerencia do 20 de xuño de 2019 modificouse a do 30/01/2019 que regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, no seguinte senso:

1º Modificar para o curso 2019-2020, o horario de verán do persoal dependente das conserxarías de cada unha das facultades e escolas da UDC, de tal xeito que, desde o luns, 09/09/2019, terán o horario ordinario establecido no apartado 2.1 da Resolución do 30/01/2019; é dicir:

De luns a venres:

1. das 07.45 h ás 15.15 h na quenda de mañá
2. das 14.30 h ás 22.00 h na quenda de tarde

2º O persoal incluído no ámbito de aplicación desta resolución disporá de tres días de permiso por asuntos particulares sen xustificación regulados no apartado A.12 da Resolución do 30/01/2019 e no artigo 118 da Lei de emprego público de Galicia.

3º A presente resolución é aplicable só para o curso académico 2019-2020. Para os vindeiros cursos académicos negociárase coa representación do persoal unha revisión da Resolución do 30/01/2019.

APLICACIÓN DA PREVISIÓN DO APARTADO DOUS DO ARTIGO 3 DO REAL DECRETO LEI 24/2018, DO 21 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBAN MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE RETRIBUCIÓNS NO ÁMBITO DO SECTOR PÚBLICO

No Boletín Oficial do Estado número 312, do 27 de decembro de 2018, publicouse o Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, validado por Resolución do 22 de xaneiro de 2019 do Congreso dos Deputados.

No seu apartado Dous do seu artigo 3 dispónse que:
“Dous. No ano 2019, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,25 por cento respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2018,

Ademais do anterior, se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes en 2018 alcanzase ou superase o 2,5 por cento engadiríase, con

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08 31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==		





efectos do 1 de xullo de 2019, outro 0,25 por cento de incremento salarial.

Para os efectos do disposto neste apartado, no que a incremento do PIB refírese, considerarase a estimación avance do PIB de cada ano publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE). Unha vez publicado o avance do PIB polo INE e, previa comunicación á Comisión de Seguimento do Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo do 9 de marzo de 2018, mediante Acordo do Consello de Ministros aprobarase, no seu caso, a aplicación do incremento. Do citado Acordo darase traslado ás Comunidades Autónomas, ás Cidades Autónomas e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

O Instituto Nacional de Estatística, con data 5 de xuño de 2019 certificou que, de acordo cos resultados da operación Contabilidade Nacional Trimestral de España, a taxa de variación do PIB de 2018 respecto a 2017 en termos de volume é do 2,58%.

Como consecuencia, o pasado venres día 21 de xuño, o Consello de Ministros acordou autorizar o referido incremento máximo do 0,25 % adicional; por tanto, ese incremento do 0,25 % ao xa aplicado con efectos do 1 de xaneiro de 2019, farase efectivo na vindeira nómina de xullo con efectos do 1 de xullo de 2019.

ACORDOS:

1. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión do 4 de xuño de 2019
2. Aprobáronse os contratos e convenios (2 marco, 19 específicos e 64 de prácticas)– **anexo III**
3. Acordouse aprobar a autorización de transferencia de crédito solicitada polo Departamento de Letras, do capítulo II ao capítulo VI, por un importe de 1600€ para a adquisición de equipamento informático. Correspondería primeiro crear a partida orzamentaria 61.30.D1.70 541A 626.00 - Dpto. Letras - Equipos para procesamento da información e a continuación transferir o crédito dende a partida 61.30.D1.70 541A 226.00 - Dpto. Letras - Gastos funcionamento por unha contía de 1.600€. – **anexo IV**
4. Aprobouse a cobertura de vacantes de PAS nas Comisións Delegadas de Goberno logo da constitución da Xunta de Persoal o pasado 29 de maio, segundo figura na seguinte proposta presentada e que figura como **anexo V:**
 - a. Asuntos Económicos: M^a José Parga Massa e Juan Manuel Pernas Ladra
 - b. Extensión Universitaria: María Jesús Torres Labandeira
 - c. Planos de Estudo: María Jesús Torres Labandeira
5. Apróbese a proposta dos membros do PAS do Consello de Goberno, de presentar a M^a José Parga Massa como representante do PAS no Consello Social - **anexo VI**
6. Apróbese a proposta de aceptación da doazón da Asociación de Dietéticos de Ferrolterra á Clínica Universitaria de Podoloxía da UDC- **anexo VII**

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	01/08/2019 10:46:08
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	31/07/2019 10:11:20
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==		





7. Apróbase a proposta de aceptación da doazón de María Matilde Maceira Castiñeira á Clínica Universitaria de Podoloxía da UDC - **anexo VIII**
8. Apróbase a modificación do Regulamento para o recoñecemento de grupos e unidades de investigación e investigadores da UDC – **anexo IX**
9. Apróbanse as fichas dos títulos propios de posgrao – **anexo X**
10. Apróbase a proposta de creación de seccións departamentais no Dpto. de Computación. **anexo XI**
11. Apróbase a proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios – **anexo XII**
12. Aprobouse a proposta de convocatoria de concurso de PDI contratado - **anexo XIII**
13. Apróbase a proposta de autorización de cambios de dedicación de PDI - **anexo XIV**
14. Apróbase a proposta de nomeamento de José Andrés Faiña Medín e a renovación de Mauro Andrés Fernández Rodríguez como profesores eméritos –**anexo XV**
15. Aprobouse a proposta de nomeamento de Carlos Pateiro Rodríguez e Antonio de Toro Santos como profesores honorarios e a renovación de María Sagrario López Poza e Miguel Ángel Pérez Cid – **anexo XVI**
16. Aprobouse a Memoria de Responsabilidade Social da UDC 2017/2018 – **anexo XVII**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 10:45 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector

Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no

seguinte enderezo: <https://tv.udc.gal/video/5d1b1f8b11cad179108b4578>

(coa pegada dixital SHA-1: D0007252FBD2A4668F0DB7DACD69BD783A36D345)

Código Seguro De Verificación	FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/08/2019 10:46:08	
Observacións		Asinado	31/07/2019 10:11:20	
Url De Verificación	Páxina		9/9	
	https://sede.udc.gal/services/validation/FISbjRrdau2cjlhtD3hrjw==			